

## A CIG-Ensino, CUT e SNEP manteñen a unidade de acción sindical cun acordo reivindicativo para dar continuidade ás mobilizacións nos tres sectores

*Seguen as accións «Mércores en Loita» e «Vídeos de concienciación social» polas melloras laborais, sociais e salariais na atención á discapacidade, menores e infantil 0-3: acordos e convenios dignos e xustos en Galiza.*



As organizacións sindicais apostan por reforzar no Consello Galego de Relacións Laborais (CGRLs) a negociación coas patronais e coa administración galega, de melloras complementarias que permitan incrementar salarios (complemento

autonómico), reducir ratios e mellorar recursos humanos e materiais nos tres sectores, así como as melloras sociolaborais do persoal traballador no camiño de acadar convenios galegos dignos e xustos.



A CIG-Ensino, CUT e SNEP manteñen a unidade de acción sindical para dar continuidade ás mobilizacións comezadas nos tres sectores de educación e atención ás persoas: Discapacidade, Menores e Infantil 0-3, e para defender **as seguintes reivindicacións do persoal traballador ante a administración galega, as patronais e as empresas e entidades:**

## Discapacidade

(E o servizo de atención temperá na Galiza)

- Aplicación inmediata do total dos incrementos salariais recollidos no XVI Convenio Estatal por parte da administración, que agora mesmo están a asumir as Asociacións en parte.
- Constitución dunha Mesa tripartita (administración, sindicatos e patronais) coa finalidade de dignificar os salarios coa creación dun Complemento salarial autonómico.
- Maior dotación de recursos humanos e materiais, así como baixada das ratios, que garanta unha maior seguridade e mellor coidado tanto do persoal traballador coma das persoas con discapacidade.

## Menores

- Aplicación inmediata a todo o persoal traballador, desde xaneiro de 2026, das táboas salariais aprobadas no V Convenio Estatal, sen agardar a que se adxudiquen novos concursos, contratos ou concertos.
- O recoñecemento dun complemento autonómico, previa constitución dunha Mesa tripartita galega, que dignifique salarios e camiñe cara á homologación salarial nas mesmas categorías entre o persoal que está nos distintos tipos de centros.
- A dotación urxente de máis recursos humanos e materiais, redución das ratios, así como a mellora das instalacións en todos os centros, garantindo a seguridade e o coidado tanto para o persoal como para os menores.

**«Reclamamos a dotación urxente de máis recursos humanos e materiais, redución das ratios, así como a mellora das instalacións en todos os centros»**



## Infantil 0-3

- Solicitud a Consellería de Política Social da integración das escolas infantís na Consellería de Educación, recoñecendo o seu carácter educativo fronte ao asistencial.
- Unificación das táboas salariais do XIII Convenio estatal, en base á gratuidade da Xunta, para todo o sector, confluindo todas as táboas nas tipo A) de Xestión Indirecta.
- Creación dunha Mesa tripartita galega para traballar no recoñecemento dun complemento autonómico, que dignifique salarios, así como negociar a baixada das ratios e a mellora da calidade educativa.
- A dotación urxente de máis recursos humanos (parella educativa) e recursos materiais.

As organizacións sindicais acordan que a prioridade debe ser mellorar as condicións laborais e salariais mediante negociación colectiva, abrindo o Marco Galego de Relacións Laborais nestes sectores a través do CGRLs, no camiño de acadar no futuro convenios dignos e xustos na Galiza.





Central Unitaria de Traballadoras





# POLÍTICA SOCIAL

## DISCAPACIDADE MENORES INFANTIL 0-3

### CONCENTRACIÓNS NOS CENTROS MÉRCORES DE LOITA

COMPARTIDE NAS REDES AS VOSAS FOTOS E VÍDEOS

#politicasonloita  
#melloraslaboraisalariaisxa  
#melloraslaboraisdiscapacidaxa  
#discapacidade #menores  
#melloraslaboraismenoresxa  
#melloraslaboraisinfantil03xa  
#infantil03 #conveniosgalegosxa

# Accións reivindicativas a levar a cabo

- Darán continuidade aos «**Mércores en Loita**» con concentracións nos centros de traballo (realizar e difundir fotos e vídeos curtos e reivindicativos sobre as condicións laborais).
- **Un mércores ao mes os tres sindicatos**, cos seus delegados/as e todo o persoal traballador que poida e queira participar, **mobilizaranse diante das sedes de Política Social, das patronais ou centros de traballo reivindicando ser atendidos e escoitados pola conselleira, Fabiola García**, coa finalidade de forzar a negociación coa administración galega e coas patronais/asociacións dos tres sectores. **A primeira será unha concentración o mércores 8 de abril ás 11h diante do edificio administrativo a Casa de Chocolate** e na mesma anunciarase a do seguinte mes. Ademais, visitaranse tres centros, un de cada sector, para apoiar, reforzar e visibilizar as concentracións nos centros de traballo dos «Mércores en Loita».
- Seguiranse realizando e difundindo «**Vídeos de concienciación social**», nos que facer pública a situación nos centros de traballo (ratios, falta de persoal, cobertura de vacacións e baixas, falta de recursos materiais e de mantemento ou modernización de instalacións, perigosidade, toxicidade, etc.), as condicións laborais e salariais (conxelación salarial, absorción de complementos pola suba do SMI, contratos temporais, parciais e fixos discontinuos, licenzas e permisos, conciliación laboral-familiar...) e as reivindicacións do persoal.
- Outras accións reivindicativas de presión social das que informaremos nas nosas webs.

A conta de correo que centralizará a recepción de fotos e vídeos será: [politicassocialenloita@gmail.com](mailto:politicassocialenloita@gmail.com).


A CIG-Enseño ten na súa canle de Youtube un apartado específico desde o que difundir o material que xa se recibiu con anterioridade e que se moverá nas redes sociais deste mércores, **25 de marzo**. Para a publicación destes contidos empregaranse os cancelos:

*#politicassocialenloita*  
*#melloraslaboraisalariaisxa*  
*#conveniosgalegosxa,*  
*#melloraslaboraisdiscapacidadexa*  
*#menores*  
*#discapacidade*  
*#melloraslaboraismenoresxa*  
*#infantil03*  
*#melloraslaboraisinfantil03xa*

## MATERIAL E CARTACES:



## VÍDEOS DOS MÉRCORES EN LOITA:



## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)